

Partindo do protocolo FISICOVID da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a continuación, establécense as medidas de seguridade sanitaria a levar a cabo durante a organización e celebración da cuarta edición deste evento. En primeiro lugar descríbense medidas de carácter xeral para todos os asistentes. Posteriormente, e de forma máis concreta, establécense medidas específicas clasificadas en tres momentos: antes, durante e despois do evento.

MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tose ou falta de alento? Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estalo, débese evitar a asistencia ao evento, poñéndose en contacto de forma inmediata cos servizos sanitarios e seguir todas as súas indicacións. Autotest SERGAS: <https://coronavirus.sergas.gal/autotest/?lang=es-ES>
- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible. De non ser así, empregar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara.
- Manter a distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros entre todas as persoas.
- O uso da máscara é obrigatorio, agás no momento específico da práctica deportiva.
- O acceso e saída do recinto será controlado pola organización e realizarase por dous lugares diferenciados.
- Ademais do obrigatorio control de temperatura que se deberá facer antes da saída da casa como parte do autotest, a organización poderá tomar a temperatura, de xeito consentido, en calquera momento da actividade.
- Cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou esbirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Evitar o saúdo con contacto físico.
- Non compartir alimentos, bebidas ou similares. Marcar os envases utilizados para evitar confusións.

PROTOCOLO SALTAR NA RÚA 2020

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

ANTES DO EVENTO

Staff

- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 15 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansazo, tose seca e/ou dificultade para respirar); e de non estar en contacto con ningunha persoa que dese positivo en COVID19. (**ANEXO I**)
- Cada persoa terá a súa función na montaxe da infraestrutura, evitando compartir materiais e espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.
- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavaranse as máis con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc.

Deportistas

- Serán responsables de portar máscara e hidroxel.
- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 15 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansazo, tose seca e/ou dificultade para respirar); e de non estar en contacto con ningunha persoa que dese positivo en COVID19. (**ANEXO I**)
- O quecemento xeral realizarase fora do recinto deportiva. A parte específica poderán facela dentro do corredor de saltos na orde indicada pola organización.
- Dentro do recinto, no momento que os deportistas non estean realizando tarefas de quecemento deberán portar máscara.
- Cada deportista terá unha cadeira identificada co seu nome onde poder descansar e deixar as súas pertenzas. Estas estarán separadas debidamente unhas das outras.

DURANTE O EVENTO

Staff

- Cada unha das persoas da organización terá unha única función dentro das tarefas a realizar no recinto.

- Só poderá acceder ao recinto, persoal acreditado.
- Tras cada salto, a area ou o colchón, será desinfectado.

Deportistas

- Non se poderá compartir material. De terse que compartir, o deportista se compromete á súa desinfección antes do seguinte uso.
- No momento que non estean realizando a actividade deberán portar máscara.
- Cada un/unha fará uso da súa cadeira para descansar.
- Nas probas realizadas no foso de area, despois de cada salto os deportistas deberán lavar as mans con hidroxel.

Público

- Os espectadores deben seguir as regras de distancia interpersoal de seguridade e uso da máscara, establecidas polas autoridades competentes.
- O público do evento será aquel que este situado nas zonas habilitadas para o mesmo no espazo deportivo. Non se poderá tocar o material do evento, e en especial os valados separadores do espazo deportivo.

DESPOIS DO EVENTO

Staff

- Cada persoa terá a súa función na recollida da infraestrutura, evitando compartir materiais e espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.
- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavarase as mans con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc.

Deportistas

- Recollerán as súas pertenzas e abandonarán o recinto pola saída.

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE SALTAR NA RÚA 2020

D/D^a

con n^o de DNI/NIE

actuando en nome propio ou como pai/nai/titor de (menor de idade)

D/D^a

con n^o de DNI/NIE

Para a actividade de “Saltar na Rúa 2020”, organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, desenvolvida na Ponte do Burgo o día 22 de agosto de 2020.

SOLICITO:

Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe no evento: “Saltar na Rúa 2020”, para o cal, lin con detalle a información proporcionada pola propia organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo,

DECLARO:

- Que o/a interesado/a cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr a COVID-19 da actividade, publicado na web da entidade organizadora: www.sgpontevedra.com
- Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Asinado

En _____, a _____ de _____ de 2020